

Café con familias



EN QUE CONSISTE O “CAFÉ CON FAMILIAS”?

En vista da nova situación que nos toca vivir, dende FADEMGA Plena inclusión Galicia queremos ofrecervos unha nova forma de conectar con outras familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Para iso, que mellor que facelo tomando un café; iso si online para evitar riscos.

QUE OFRECEMOS

Dúas modalidades de café: cafés informais e cafés con experto.

- **Cafés informais:** un anfitrión moderará e dinamizará a actividade, promovendo a participación dos asistentes.
- **Cafés con experto:** un experto presentará unha temática e contestará as dúbidas e preguntas dos asistentes. O gravaremos e o difundiremos por YouTube.

OBXECTIVOS:

- Ofrecer información relevante para as familias.
- Ofrecer un lugar de encontro para que as familias poidan compartir as súas experiencias, inquietudes e coñecementos.
- Paliar sentimentos de soidade e desorientación en diferentes momentos do ciclo vital familiar.
- Buscar novas fórmulas de participación non presenciais para as familias.
- Dar a oportunidade á Federación de achegarse á realidade das familias.

DURACIÓN E HORARIO

- Cafés informais: entre 1 hora e 1 hora e media de duración.
- Cafés con experto: entre 1,5 e 2 horas.

O horario e os temas abordados en cada café intentaremos axustalos ás necesidades dos participantes. Comunicaremos a data e o horario de celebración con antelación.

Café con familias



QUE NECESITO PARA PARTICIPAR?

- Un ordenador, móvil ou tablet con cámara, micrófono e conexión a internet.
- Unha dirección de correo electrónico, que utilices habitualmente, onde enviaremos a nosa invitación para participar no café.
- Recomendamos que vos conectedes a través da wifi (se podedes). Deste xeito evitaredes o consumo de datos do voso móvil e a conexión será máis estable.

COMO CONSIGO A MIÑA INVITACIÓN?

- Cubre todos os datos da inscrición e envíanola a familias@fademga.org
- Segundo as preferencias que poñas na túa inscrición, enviáremoste unha invitación a un café que poida interesarte.
- Prazo de envío: **ABERTO TODO O ANO.**

COMO PARTICIPO NOS CAFÉS CON FAMILIAS?

- Antes de comezar o café, enviáremosvos un link para que vos conectedes.
- No café un anfitrión moderará a participación dos asistentes. Dependendo do tipo de café, poderemos contar cunha persoa experta na temática a tratar.
- Recomendamos conectarvos con puntualidade para non perdervos nada. Se vos retrasades por algún imprevisto, poderedes solicitar a vosa incorporación igual.

MÁS DÚBIDAS?

Chámanos ao teléfono 981519653
ou escríbenos a familias@fademga.org

www.fademga.org



XUNTA
DE GALICIA

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia